

## ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
(presidente)  
Bravo Bosch, María José  
(secretaría)  
Barreiro Rodríguez-Moldes,  
María Covadonga  
Cuevas Alonso, Miguel  
Currás Valle, María Consuelo  
Lima González, Estela  
Villanueva Villar, Mónica  
**Excusa a súa asistencia:**  
García González, Silvia

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do xoves, **2 de maio de 2024**, ás 10:00 h. en primeira convocatoria e ás 10:15 h. en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **2 de maio de 2024** ás 10:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 12 de abril de 2024.**

O reitor, presidente da Comisión Electoral, pide que se aprobe á acta ao non haber ningunha corrección á mesma.

Apróbase por asentimento.

### **2. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de candidatos e candidatas.**

Despois de analizar as reclamacións presentadas ás candidaturas provisionais, procédese á proclamación definitiva de candidatos e candidatas, de acordo coa documentación remitida aos membros da Comisión.

Apróbase por asentimento.

### **3. Declaración da conclusión do proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o nº de postos a cubrir (artigo 27.12 do REX).**

A comisión decide declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o número de postos a cubrir, seguindo o disposto no artigo 27.12 do REX.

Apróbase por asentimento.

**4. Adopción do acordo de dar instrucións aos presidentes das mesas sobre as urnas e o escrutinio.**

A comisión ten coñecemento do modelo de instrución para enviar aos presidentes das mesas sobre o escrutinio e as urnas.

Apróbase por asentimento.

**5. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral do nomeamento de interventores e interventoras.**

Apróbase por asentimento.

**6. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral da proclamación provisional de resultados (candidatos/as electos).**

A secretaria xeral solicita de novo a delegación na Secretaría Xeral por motivos de celeridade.

Apróbase por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, da delegación nas Xuntas Electorais dos Centros da designación por sorteo público das persoas que forman parte das mesas electorais.**

Apróbase por asentimento.

**8. Rogos e preguntas.**

Estela Lima González pregunta se as vacantes en outros centros poden ser cubertas por estudantes de outras escolas e facultades. A secretaria xeral responde que a normativa é clara e non o permite.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 10:35 h. do día 2 de maio de 2024, do que eu, como secretaria da comisión, dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral